A XERACIÓN NÓS

Coñecese co nome de **Xeración Nós**, ao grupo de escritores que en 1920 fundaron a revista do mesmo nome, e que eles mesmos rexeron ata 1936.
Este grupo conferiu á cultura galega unha altura intelectual que non tivera ata entón.
O nome Nós foi elixido por Castelao e foi o mesmo Castelao o que ostentou o título de director artístico de Nós e deseñou as tapas da revista.
Foi tal a importancia da revista no campo das letras galegas que o seu mesmo título serviría para nomear e singularizar a un grupo de homes (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas e Catelao) que colaboraron na súa elaboración e levaron a cabo a transformación da cultura galega das primeiras décadas do século XX.

OBXECTIVOS DA XERACIÓN NÓS

Os homes da Xeración Nós despois dunha viaxe polo mundo da cultura europea do seu tempo e á busca de temas exóticos descobren abraiados que Galicia e a súa xente constitúen a máis apaixonante aventura intelectual, isto levara a Risco, Otero e Cuevillas a un traballo a prol da dignificación da realidade galega, conectándoa con Europa nun afán de modernización e de superación do illamento rural da literatura galega. Conxugarán enxebrismo e europeización da cultura galega.

Estes obxetivos poderíanse sintetizar no seguinte:

- ➔ Sentimento de ter unha tarefa que cumprir.
- ➔ Colaboran na recuperación funcional do galego. Foron eles os creadores da **prosa** literaria en lingua galega.
- ➔ Son os auténticos protagonistas da **universalización e europeización da cultura galega e polo tanto da lingua**: Castelao, Risco, Cuevillas e sobre todo Otero Pedrayo, enriquecen e amplían a narrativa galega, transforman o galego nun vehículo apto para a transmisión de contidos universais.
- ➔ Os homes deste grupo colaboran fundamentalmente na conformación dunha **lingua capaz de expresar contidos científicos**. ***EX***: estudios etnográficos (Risco), estudios históricos e xeográficos (Otero Pedrayo), estudios prehistóricos (Cuevillas).

A empresa colectiva con máis importancia posiblemente sexa a publicación da **Revista "Nós"**, adicada ao mundo da cultura; vaise publicar durante 16 anos.

AUTORES QUE PARTICIPAN NA REVISTA NÓS

O CENÁCULO OURENSÁN

Coñecese co nome de ***Cenáculo Ourensán***, ao grupo formado por Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, que constitúen a célula viva e representativa da *Xeneración Nós*.
Estes tres autores nados en Ourense, amigos xa desde a infancia e cunha formación intelectual común, teñen unha traxectoria vital e espiritual semellante.
Na cidade natal, viven mergullados no que se podería chamar a "boa sociedade". Colaboran na dirección e redacción da revista **"La Centuria",** fundada por Risco no 1917.
Nestes anos de mocidade a súa inquedanza intelectual era allea por completo á temática da súa terra. Todos eles sentíanse **inconformistas, insatisfeitos e cheos de rebeldía.**
Como manifestaría Risco no seu ensaio "Nós, os inadaptados" eran partidarios do lonxano, do descoñecido, o medio que os rodeaba non os compracía e trataban de fuxir de todo o que supuxera vulgaridade e cousa común.
Manifestaban a súa rebeldía separándose espiritualmente da sociedade, das súas tendencias e dos seus problemas. As vivencias da primeira etapa do *Cenáculo Ourensán* e a traxectoria pregalegista do *Grupo Nós* quedaron reflectidas en tres obras significativas :

- ***Nós, os inadaptados*, de Vicente Risco.**

- ***Arredor de sí*, de Otero Pedrayo.**

- ***Dos nosos tempos*, de Florentino L. Cuevillas.**

A REVISTA NÓS

A revista empezou imprimíndose en Outubro de 1920 .
A revista Nós ten un marcado **caracter literario** moi semellante á linea de "A Centuria" .
Na segunda etapa empezou a ter un **carácter** marcadamente **científico**, con moitos traballos arqueolóxicos e etnográficos.
Dende o principio, a revista Nós que naceu como boletín cultural, propúxose a modernización da cultura galega . Ó mesmo tempo Nós quixo poñer a Galicia en relación con outras comunidades espiritualmente apegadas como Irlanda ou Portugal.

CONTRIBUCIÓNS DO GRUPO NÓS

Os homes da Xeración Nós fixeron unha aportación moi importante á cultura galega.

No plano político: Vicente Risco fai unha definición teórica do Nacionalismo Galego, no seu ensaio "Teoría do nacionalismo galego", no que exalta o ser de Galicia como nación a través da **lingua, da terra e da raza**. Os integrantes da Xeración Nós participarán na formación do Partido Galeguista. Tamén serán protagonistas no desenvolvemento de accións que levarán á elaboración do Estatuto de Autonomía.
Fundan no 1931 o Partido Galeguista. Preséntanse ás eleccións Risco e Otero Pedrayo, pero só Otero sairá elixido deputado.
O integrarse o Partido Galeguista no Frente Popular (organización política comunista, nacionalista e independentista, a súa acción política guíase polos principios de: "independencia nacional, socialismo, anticolonialismo, democracia popular, antiimperialismo, solidariedade internacionalista e auto-organización) Risco abandoará o

partido e fundará a Dereita Galeguista.
Otero Pedrayo pola contra manifestará a súa oposición á integración no Frente Popular pero seguirá nel por fidelidade ó Galeguismo.
Durante a Guerra Civil, e ata o final da súa vida, **Otero Pedrayo** seguirá fiel ao Galeguismo Culturalista, fronte ó Franquismo, converténdose nun **símbolo** para moitos homes de Galicia.
Vicente Risco sométese ó Franquismo, o que provocará a crítica de moitos sectores que non comprendían a súa postura.
Castelao confesará con tristeza a Otero Pedrayo: *"Cando volva a Galicia e atope a Risco, doulle unha labazada, e cúspolle nun ollo..., pero despois, recólloo non brazos, érgoo e doulle unha aperta, e póñome a chorar con él ¡debémoslle tanto...!"*

No plano científico: É importante a elaboración de **obras ensaísticas** en galego, deste xeito quedará de manifesto que a nosa lingua podía ser vehículo de expresión non só de obras de creación literaria, senón tamén científicas.
Neste plano podemos destacar os traballos de Risco sobre Etnografía, os ensaios de Otero Pedrayo sobre Historia, Xeografía e paisaxe galega, e os estudios de Cuevillas sobre a Prehistoria Galega e a Arqueoloxía.

No plano literario: Os homes de Nós souberon crear unha **prosa** que se integra nas correntes da cultura galega universal. A prosa vai ser un instrumento apto para a difusión científica e para a creación literaria. Hai que ter en conta que ata a publicación da obra narrativa dos homes do grupo Nós, a prosa galega non tivera un cultivo literario importante; vai ser esta xeración a que consolide a prosa. Os homes de Nós, que eran fundamentalmente **narradores** e **ensaístas**, escribiron tamén **teatro,** como mostra do seu **polifacetismo.** As súas obras teñen un carácter máis literario que escénico, é dicir, están pensadas máis para ser lidas que para ser representadas.

VICENTE MARTÍNEZ RISCO E AGÜERO

PUNTOS A TER EN CONTA NA SUA BIOGRAFÍA

- Naceu en Ourense no ano 1884.
- Cursa a carreira de dereito na Universidade de Santiago.
- Ingresa na Delegación de Facenda de Ourense.
- Viaxa a Madrid e matriculouse na Escola Superior de Maxisterio.
- Regresa a Ourense como profesor de Historia da Escolar Normal.
- En 1917 funda a revista **"La Centuria".**
- A fin deste ano ingresa nas **Irmandades da Fala.**
- En 1920 funda con outros escritores a **revista Nós**.
- Ë considerado o gran **ideólogo** do nacionalismo galego co ensaio *Teoría do nacionalismo galego*..
- Defende o **celtismo** e **atlanticismo.**
- A Galicia verdadeira, para Risco, é a tradicional, a dos labregos e mariñeiros, é esa a Galicia na que se garda a esencia da raza, o sentimento relixioso da Terra, mitificadora dos tempos pasados.
- No ano 1930 viaxa a Centroeuropa para estudar etnografía e folclore. Desta experiencia publicou unha serie de crónicas na revista Nós, que recolleu mais tarde na obra "Mitteleuropa".
- No ano 1931 funda con Otero Pedrayo o Partido Nacionalista Republicano que conflúe máis tarde no Partido Galegista. Risco abandona o partido ao integrarse no Frente Popular e funda en Ourense a Dereita Galeguista.
- Morreu en Ourense no ano 1963

<u>OBRA NARRATIVA</u>

A narrativa de Risco ten unha grande carga ideolóxica, polo que o límite entre o ensaio e a novela non está en absoluto definido.
A súa obra narrativa é unha sátira da sociedade.
As notas que caracterizan a obra de Risco son a **precisión** e a xustiza na expresión, a **claridade**, a **síntese,** o **humanismo** e a **ironía.**

***Do caso que lle aconteceu ó Doutor Alveiros* (1919)**
É a sua primeira obra narrativa. O Doutor Alveiros vive unha extraña aventura co mundo dos mortos. Logra liberar á momia de Tutankhamon das súas vendas da Danza Macraba.
É unha narración humorística con outras críticas ás materias ocultistas.

***O lobo da xente* e *A Trabe de ouro e a Trabe de Alquitrán* (1925).**
Son duas narracións breves de carácter popular nas que Risco utiliza os seus coñecementos de etnografía. A primeira trátase dunha invencción sobre a lenda do lobishome. Na segunda mistura unha serie de motivos como os celtas, os mouros, o cego que é difusor do folclore, ... etc.

***A Coutada* (1916).**
É un diálogo filosófico. O protagonista, que vive miserablemente nunha vila, conversa coa muller para representar á "Coutada", casa herdada, que simboliza a adhesión á terra, na que encontrará a felicidade.

***Os europeos en Abrantes* (1927)**
É unha sátira de lugares e persoas da vida ourensá.

***O porco de pé* (1928)**
A obra amósanos unha visión satírica dos personaxes que fican reducidos a simples caricaturas, é un escarnio das escrituras sociais ourensás. A novela é coma unha síntese do pensamento de Risco.
D. Celidonio, comerciante de orixe castelá que chega a ser alcalde dunha cidade galega, configura a vulgaridade dunha familia da nova burguesía. A el contraponse o intelectual doutor Alveiros que acaba cedendo aos encantos da vida burguesa.
A obra amósanos unha visión satírica dos personaxes que fican reducidos a simples caricaturas, é un escarnio da sociedade ourensá.

PRODUCCION ENSAÍSTICA

***Nós, os inadaptados* (Nós, 1933)**
Neste ensaio, Risco estuda a evolución ideolóxica do seu grupo xeracional. Estas páxinas son de especial importancia xa que poñen de manifesto os gustos literarios e artísticos do grupo ourensán.

Teoría do nacionalismo galego
Obra na que pretende exaltar o ser de Galicia a través da lingua, da terra e da raza.

***Mitteleuropa* (1934)**
Dános a coñecer o propio Risco que se retrata caricaturizandose. Nesta obra, xa se percibe o desencanto pola dirección que tomaba o movemento galeguista.

***Leria* (1961)**
É unha colección de textos que recollen ensaios como *O sentimento da terra na raza galega*, *Nós, os inadaptados*, *Dédalos en Compostela*, etc...

PRODUCCIÓN TEATRAL

Vicente Risco é o productor dunha soa obra teatral:

***O bufón de El Rei*(1928)**
A acción desenvólvese na época medieval, vista a través das ficciós artúricas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

BREVES NOTAS BIOGRÁFICAS

- Nado en Ourense en 1888.
- Cursa o Bacharelato no Instituto desta cidade e pasa despois a Santiago onde estudia Filosofía e Letras, que rematará en Madrid, onde se licencia en Dereito e doutorase en Filosofía.
- De volta a Ourense vencéllase ao grupo dos **"Inadaptados".**
- Colabora en "La **Centuria"** e, finalmente chega ó **Galeguismo** en 1918.
- Ingresa como profesor de Xeografía e Historia no corpo de catedráticos de Instituto, exercendo a docencia en Burgos, Santander e Ourense.
- No seo das **Irmandades** incorpórase ás actividades do Seminario de Estudos Galegos formando parte do Partido Nacionalista Republicano, conseguindo a acta de deputado pola provincia de Ourense nas cortes constituintes de 1931. Posteriormente integrase no Partido Galeguista.
- Deposto da súa cátedra adxudicaráselle a de Xeografía da Universidade de Santiago.
- Morre no Pazo de Trasalba en 1931.

OBRA NARRATIVA

O **estilo** de Otero Pedrayo é máis **oral** que literario o que lle aporta unha grande espontaniedade. Outro rasgo fudamental é o protagonismo da **paisaxe** que comparte co home e a grande capacidade evocadora, que lle permite infundir **vida ao pasado**.

***Pantelas, home libre* (1925)**

Marca o inicio da carreira narrativa de Otero Pedrayo. *Pantelas*, o protagonista, regresa a súa terra despois de doce anos no cárcere tinxidos pola lembranza da paisaxe natal.

***O purgatorio de Don Ramiro* (1926)**

Ten como protagonista o esqueleto dun fidalgo e como terra a vida de ultratumba.

***Escrito na néboa* (1927)**

Esta obra é como un boceto de *Arredor de si,* preséntanos a figura da Adrián Solivio, mozo fidalgo que soña con vivir unha vida de intelectual.

***Os camiños da vida* (1928)**

É a primeira novela de Otero Pedrayo. Divídese en tres partes: *Os señores da terra*, *A maorazga* e *O estudante*.

Amósanos a sociedade galega rural no trance da súa transformación durante o século XIX. É a época do provincialismo(1840)

Os seus temas predilectos están presentes: a ruína da pequena aristocracia agraria galega, o ascenso da burguesía vilega, dos comerciantes casteláns e, como consecuencia, a alteración dos modos tradicionais de vida. Describe cun grande realismo a vida aldeá á sombra dos señores dos pazos que nos mostran as súas lacras e decadencia.

***Arredor de sí* (1930)**

Nesta obra Otero Pedrayo retrata a súa xeración (a conversión dos homes do grupo Nós ao Galegismo) e, sobre todo, retrátase a si mensmo na figura do protagonista, Adrián Solovio. Este, despois de querer atopar a solución das súas inquedanzas na cultura europea, vive unha crise que o leva ó encontro de Galicia e de si mesmo.

***Fra verneo* (1934)**
É a única novela que non fai referencia á temática galega

***A romaría de Xelmirez* (1934)**
É unha novela histórica de asunto medieval

***Devalar* (1935)**
O protagonista desta novela é Galicia. A Galicia de preguerra dos tempos do Seminario de Estudos Galegos.

***O Mesón dos ermos* (1936)**
Os seus valores máis destacables son os relatos realistas da vida da aldea e a descripción da paisaxe con unha riqueza expresiva inusitada.

ENSAIO
A obra de Otero como ensaista ten como centro a Galicia. Formula unha nova teoría, unha nova visión espacial e temporal da terra galega.

***Pelerinaxes* (1929)**
Ten como base o relato da viaxe que emprendeu con Risco e Fernandez Oxea a San Andrés de Teixido.

***Guía de Galicia* (1926)** e ***Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1939)**
O primeiro é unha interpretación cultural e Histórica de Galicia.
O segundo traza unha síntese do desenvolvemento histórico-cultural de Galicia.

***Polo vieiro da saudade* (1952)**
É unha crónica da primeira viaxe que realizou a América en 1947.

***O espello no serán* (1966)**
É unha recolleita de prosas composteláns, glosas de momentos, vivencias e lugares da cidade xacobea.

O TEATRO

***A Lagarada* (1929)**
Trátase dunha traxedia na que a vendimia e o viño fan agromar as paixóns máis elementais: a cobiza e a luxuria.

***O desempano do prioiro* (1952)**
É unha peza humorística que ten como asunto a implantación da industria dos cadaleitos no ribeiro.

***Noite compostelana* (1973)**
Trátase dun diálogo ateigado de lirismo e de símbolos e probablemente non pensado para a escena.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS

DATOS BIOGRÁFICOS

- Naceu en Ourense no ano 1886
- Licenciase en Farmacia pola Universidade de Santiago, pero non chegou a exercer a súa profesión.
- Ingresa como funcionario na Delegación de Facenda de Ourense.
- Ingresa nas **Irmandades da Fala** no ano 1918.
- Colabora no Seminario de Estudos Galegos como xefe da sección de Prehistoria.
- Morreu en Ourense no ano 1956

OBRA

Toda a súa obra amosa, unha profunda preocupación por Galicia e a súa xente. Cuevillas destaca polo seu traballo de investigador. Ainda que tamén cultivou a prosa e o ensaio literario, onde a personalidade de Cuevillas acada a súa meirande dimensión é na tarefa de investigador.

Dos nosos tempos.

É a historia da evolución intelectual dos homes do grupo Nós.

***Prosas Galegas* (1962)**

É unha escolma de traballos: **Estudios** (*Como nacen na cidade de Ourense*, *Relacións prehistóricas entre Galicia e as Illas Británicas*), **ensaios** (*As raíces fondas de Galicia*), **creacións literarias** (*O Trasno na vila*, *O poema da seca*), semblanzas de escritores (*Curros*, *Lamas*, *Castelao*, *Otero Pedrayo*) e **textos arquelóxicos.**

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

DATOS BIOGRÁFICOS

- Naceu en Rianxo en 1886, ata que á idade de 10 anos emigra a Arxentina.
- De regreso, catro anos mais tarde, estudiará en Santiago o Bacharelato e a carreira de Medicina.
- No ano 1916 ocupa unha praza do "Instituto Geográfico y Estadístico" o que lle permitiú adicarse a outras ocupacións que configuran as distintas facetas de Castelao.
- Deixa a Medicina *("Fixenme médico por amor á humanidade").*
- **Polifacético, novelista, debuxante, caricaturista, pintor, teórico da arte e político**, sempre reflectiu na súa obra o seu **compromiso** co galeguismo e coa solidariedade
- Castelao achégase ó movemento galeguista e nel participa activamente coas **Irmandades da Fala** ó tempo que expón debuxos, dá conferencias e colabora na prensa da época.
- Asome a **dirección artística do Grupo Nós.**
- Coa proclamación da II República, nas filas do Partido Galeguista, é elexido deputado pola provincia de Pontevedra. participa especialmente a prol da conservación do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- No ano 1946 é nomeado ministro do goberno da República no exilio.
- Morrreu en Buenos Aires en 1950 e foi enterrado no panteón do Centro Galego.

Importancia da lingua galega en Castelao

"A miúdo Castelao vinculaba o futuro de Galiza ó futuro da lingua galega:

A dominación de Galiza endexamais será efectiva entrementras fale un idioma diferente do castelán.

Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma."

Consideraba, ademais, ao castelán como unha lingua invasora, rexeitando enerxicamente o bilingüismo:

"Un pobo sometido á loita de dous idiomas acaba por non saber espresar o que sinte. Cando a un pobo que canta e fala nunha língoa creada polo seu proprio xenio, se lle impón a obriga de adoptar un idioma estraño á súa personalidade afectiva, prodúcese un esmorecimento do lingoaxe que comeza pola inhibición e remata pola impotencia.

E xa é hora de decir que Galiza será forte en Hespaña cando se negue a falar en castelán e fale fortemente a súa língoa. "

OBRA NARRATIVA

***Un ollo de vidrio. Memorias dun esqueleto* (1922)**

Obra coa que se consagra como literato de humor e como estilista. Nas páxinas de *Un ollo de vidrio* atopamos xa as preocupacións de Castelao, como a **defensa da lingua**, a **emigración** ou a **crítica social, de carácter anticaciquil**. O asunto macabro desta obra xa fora tratado en anterioridade por Risco.

***Cousas* (1926)**

É o conxunto de prosas con ilustracións publicadas con anterioridade na prensa. Cada cousa leva unha **ilustración** que complementa o texto. Nas cousas pódense identificar lugares, tempos e tipos que o autor combinaba nos relatos. A *cousa* constitue a f**órmula mais orixinal** e característica de Castelao.

***Retrincos* (1934)**
Conxunto de cinco contos: *O Segredo*, *O inglés*, *Peito de lobo*, *O retrato* e *Sabela*.
Retrincos representa o cume da narativa de Castelao, preséntase como relatos autobiográficos que recollen cinco momentos da vida de Castelao, ordenados cronolóxicamente.

Os dous de sempre
E a única **novela** de Castelao, cóntanos aventuras dous protagonistas, *Pedriño* e *Rañolas*. A novela é unha biografía centrada na vida de dous protagonistas dende a infancia ata a madurez, con dúas **personalidades contrapostas**; dúas historias paralelas que seguen camiños diferentes:

Pedriño, fillo máis vello dunha familia pobre, vive cunha tía que o protexe de máis. Lacazán, comillón, ve pasar a vida sen ningún obxectivo.

Rañolas, eivado de pernas, sen pai e cunha nai borracha, superará estes obstáculos. É agudo, activo e emprendedor, e loita por unha vida mellor.

Cada capítulo leva unha **ilustración** do propio Castelao.

<u>O TEATRO</u>

***Os vellos non deben de namorarse* (1941)**
E unha farsa estreada en Buenos Aires, segundo Castelao: "E unha obra imaxinada por un pintor, non por un literato". E unha traxicomedia de carácter didáctico. O mesmo Castelao deseñou os figuróns dos seus personaxes, as maquetas, e deu instruccións para a montaxe.
A historia conta o motivo do vello que se namora dunha moza. Os personaxes son personaxes-tipo, equivalentes, inda que de diferente extracción social, que compoñen historias pechadas e xustapostas. Ó final da obra, un epílogo reúne os tres vellos mortos no cemiterio, para que eles nos conten o propósito da farsa

<u>ENSAIO</u>

***Sempre en Galiza* (1944)**
O labor ensaístico de Castelao vén representado principalmente por este libro. Ademais do valor como i**deario do Galeguismo**, ten valor literario. Nela aparece unha interpretación da historia de Galicia e está dotado dunha significación simbólico-patriótica que posibilita unha interpretación sobre a situación de Galicia no momento en que a obra foi escrita.